



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 9 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 29 DE SETEMBRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia, D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

A señora alcaldesa sinala que antes de comezar coa sesión plenaria quere facer unha advertencia aos e ás concelleiras non adscritas pola súa falta reiterada de asistencia ás comisións informativas sen causa xustificativa.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 8 do pleno ordinario do 10 de agosto de 2022

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior núm. 8 do pleno ordinario do 10 de agosto de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprrobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior núm. 8 do pleno ordinario do 10 de agosto de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (3), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención do concelleiro do grupo municipal popular, D. José Vázquez Rama (1) por non estar presente.

Segundo. Aprobación da Conta Xeral exercicio 2021

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

“A Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2021 informada pola Intervención foi sometida á informe da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 21 de xullo de 2022.

Ditaminada con carácter favorable, someteuse á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº. 142 de 28 de xullo de 2022. O prazo de información pública e alegacións rematou o 19 de agosto de 2022.

Consta no expediente certificación da Secretaría do Concello, no que se acredita que no período de exposición público, dende o 29 de xullo ao 19 de agosto de 2022, non se presentaron alegacións ou reclamacións á Conta Xeral do exercicio económico 2021.

Visto todo o anterior propónse ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMERO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2021, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

| <i>Expresión</i> | <i>Importe €</i> |
|--|----------------------|
| <i>Activo</i> | <i>26.557.599,76</i> |
| <i>Pasivo</i> | <i>26.557.599,76</i> |
| <i>Resultado corrente do exercicio (aforro)</i> | <i>212.360,26</i> |
| <i>Resultado Orzamentario axustado</i> | <i>212.360,26</i> |
| <i>Remanente de Tesourería Total</i> | <i>1.545.754,74</i> |
| <i>Saldos de dudoso cobro</i> | <i>156.855,77</i> |
| <i>Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada)</i> | <i>324.894,28</i> |



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

| | |
|---|---------------------|
| <i>Remanente de Tesourería para Gastos Xerais</i> | <i>1.064.004,69</i> |
| <i>Aforro bruto</i> | <i>757.842,29</i> |
| <i>Aforro bruto axustado</i> | <i>754.828,21</i> |
| <i>Aforro neto</i> | <i>620.977,25</i> |
| <i>Aforro neto axustado</i> | <i>617.963,17</i> |

SEGUNDO. *Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas de Galicia.*”

A Sra. González di que xa anunciaron na comisión informativa a súa abstención.

Non hai máis intervencións.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e coas abstencións do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

A Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2021 informada pola Intervención foi sometida á informe da Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 21 de xullo de 2022.

Ditaminada con carácter favorable, someteuse á información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº. 142 de 28 de xullo de 2022. O prazo de información pública e alegacións rematou o 19 de agosto de 2022.

Consta no expediente certificación da Secretaría do Concello, no que se acredita que no período de exposición pública, dende o 29 de xullo ao 19 de agosto de 2022, non se presentaron alegacións ou reclamacións á Conta Xeral do exercicio económico 2021.

Visto todo o anterior o Pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

PRIMERO. Aprobado a Conta Xeral do exercicio económico 2021, así como os seus anexos e xustificantes cuxas magnitudes e resultados agregados a 31 de decembro son os seguintes:

| Expresión | Importe € |
|--|---------------|
| Activo | 26.557.599,76 |
| Pasivo | 26.557.599,76 |
| Resultado corrente do exercicio (aforro) | 212.360,26 |
| Resultado Orzamentario axustado | 212.360,26 |
| Remanente de Tesourería Total | 1.545.754,74 |



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

| | |
|---|--------------|
| Saldos de dudoso cobro | 156.855,77 |
| Remanente de Tesourería (Exceso de financiación afectada) | 324.894,28 |
| Remanente de Tesourería para Gastos Xerais | 1.064.004,69 |
| Aforro bruto | 757.842,29 |
| Aforro bruto axustado | 754.828,21 |
| Aforro neto | 620.977,25 |
| Aforro neto axustado | 617.963,17 |

SEGUNDO. Render a conta xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas de Galicia.

Terceiro. Adhesión do Concello de Muros ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR).

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

“ANTECEDENTES

O pleno da Deputación da Coruña na súa sesión do 23 de xuño de 2022 aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), publicado no BOP núm. 125 do 4 de xullo de 2022. Este Plan contempla a posibilidade de que os Concellos se poidan adherir ao Plan, establecendo tres niveis de adhesión.

Considerando a Providencia da Alcaldía do 15 de setembro de 2022 onde se incoa o expediente administrativo encamiñando á adhesión do Concello de Muros ao Plan PREMADECOR da Deputación, propoñendo o terceiro nivel de adhesión. Neste terceiro nivel, ademais da adhesión ao Plan, o Concello delega a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), utilización do canle de bo goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

Conta no expediente Informe da Secretaría do 16 de setembro de 2022 sobre a lexislación aplicable, a necesidade de aprobar un Plan Antifraude e o procedemento para levar a cabo a adhesión e delegación de competencias que implica.

Á vista dos antecedentes propónse ao pleno do Concello:

PRIMEIRO. Adherirse ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO. Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA. Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA. Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firme de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delégante para que proceda ao seu informe e aprobación.
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .

TERCEIRA. Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

A Sra. González di que xa anunciaron o voto a favor na comisión informativa.

A Sra. Lago di que cren que dada a sobrecarga de traballo que hai o cadro de persoal do Concello parécelles ben delegar competencias, pero rogan que esta non sexa o camiño a seguir e que si van apoiar a proposta.

A Sra. Sambade di que se o equipo de goberno considera que o necesita si están de acordo coa decisión.

A señora alcaldesa di que é un requisito que teñen que seguir e que a xestión do plan é bastante complexo e entende que é unha boa cousa que ofrezan este servizo aos concellos pequenos.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

O pleno da Deputación da Coruña na súa sesión do 23 de xuño de 2022 aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), publicado no BOP núm. 125 do 4 de xullo de 2022. Este Plan contempla a posibilidade de que os Concellos se poidan adherir ao Plan, establecendo tres niveis de adhesión.

Considerando a Providencia da Alcaldía do 15 de setembro de 2022 onde se incoa o expediente administrativo encamiñando á adhesión do Concello de Muros ao Plan PREMADECOR da Deputación, propoñendo o terceiro nivel de adhesión. Neste terceiro nivel, ademais da adhesión ao Plan, o Concello delega a prol da Deputación da Coruña as funcións de avaliación de riscos de cada expediente financiado co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), utilización do canle de bo goberno e denuncias, análise e seguimento do Plan no ámbito municipal e mesmo tramitación e resolución dos expedientes de carácter correctivo que sexan competencia da administración local.

Conta no expediente Informe da Secretaría do 16 de setembro de 2022 sobre a lexislación aplicable, a necesidade de aprobar un Plan Antifraude e o procedemento para levar a cabo a adhesión e delegación de competencias que implica.

Á vista dos antecedentes o Pleno do Concello:

PRIMEIRO. Adherirse ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

SEGUNDO. Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA. Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA. Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación.
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR .



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

TERCEIRA. Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

Cuarto. Aprobación da participación do Concello de Muros no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS Adicional 2/2022" da Deputación da Coruña

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

"Visto o acordo do pleno do Concello de Muros do 9 de febreiro de 2022 onde se acordou a participación deste concello no POS+2022 por un importe total de 436.251,88 € dos cales 427.443,91 € son financiados pola Deputación da Coruña, así como a aprobación do plan complementario do ano 2022 cun orzamento total de 259.401,39 €.

Vista a circular da Deputación da Coruña en relación á aprobación do POS+ADICIONAL 2/2022 asignándolle ao Concello de Muros un importe de 422.536,44 € (maío).

Visto o acordo pola que se solicitou a inclusión das obras aprobadas no plan complementario do ano 2022 con cargo ao POS+ADICIONAL 2/2022 por un total de 259.401,39 €.

Visto que o importe da axuda pendente de solicitar á Deputación da Coruña dentro do programa do POS+ADICIONAL 2/2022 é de 163.135,05 €.

En base a todo o anterior propoño ao pleno da corporación o seguinte acordo:

1. *"Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) *Financiamento de gastos correntes:*

| <i>Gastos correntes</i> | <i>Deputación</i> |
|---|--------------------|
| <i>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022</i> | <i>73.135,05 €</i> |



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|--|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| TOTAL | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|------------------|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| Mellora de Camiños en Louro | 90.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 90.000,00 |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| TOTAL | 90.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 90.000,00 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

| Revisión excepcional de prezos | Deputación |
|--|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0 |

D) Resumo de financiamento:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

| | | Concello | | | |
|---|-------------------|----------|---|----------------|-------------------|
| POS+ ADICIONAL 2/2022 | Deputación | Concello | IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable) | Total concello | Orzamento Total |
| Gastos correntes servizos obrigatorios | 73.135,05 | | | | 73.135,05 |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 90.000,00 | | | | 90.000,00 |
| Revisión excepcional de prezos obras municipais | 0,00 | | | | 0,00 |
| TOTAL | 163.135,05 | | | | 163.135,05 |

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A señora alcaldesa sinala que a Deputación da Coruña duplicou a cantidade inicial polo que está moi agradecidos xa que se aprobaron proxectos coma a estrada de Freixeiros en Esteiro, a estrada de Badernado, e camiños nas parroquias da Abelleira, Tal e Louro, e indica que a proposta que traen é destinar 90.000 € a mellora de camiños en Louro, o camiño da Filgueira e o camiño do Tallo, e 73.135,05 € a gastos correntes, e



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

sinala que na comisión informativa a portavoz socialista amosou a súa conformidade coa proposta sempre e cando se comprometeran en colaborar coas entidades organizadoras do Castelo Rock, das Carrilanas e das festas do Carne, e pola súa parte adquiren ese compromiso e así consta na acta desta sesión, e dá paso ás intervencións.

A Sra. González sinala que a achega da Deputación da Coruña neste POS+ ADICIONAL 2/2022 é unha cantidade importante polo que quere agradecerllo á Deputación, e di que lles gustaría que se puidesen meter máis camiños e ogallá puidesen distribuír os gastos correntes entre máis asociacións pero os números son os que son e que van a votar a favor.

A Sra. Lago di que queren agradecer á Deputación a cantidade que axuda moito ao Concello, sinala que no apoiaron o anterior POS xa que non foi consensuado con ningún grupo da oposición, e sinala que con respecto a apoiar a unha comisión de festa, quer sinalar que houbo parroquias nas que as súas comisións de festas non organizaron festas porque estas non recibiron axudas do concello dende hai varios anos, coma a de Santa Mariña en Esteiro, as da Abelleira ou as de San Xoán de Serres, e cren que se debe ter a todas por igual no mesmo baremo. E finaliza dicindo que como non se lles consultou para nada os proxectos, non poden apoiar o POS+ ADICIONAL 2/2022.

A Sra. Sambade di que a pesar de que a eles tampouco se lles consultou, o seu voto é favorable, xa que entende que eses proxectos son necesarios polo que non vai pór condicións.

O Sr. Quintela sinala que está totalmente de acordo coa intervención nese dous camiños de Louro, e con respecto ao gasto corrente pregunta polo anexo IV.

A señora alcaldesa intervén por segunda vez, e sinala que as obras que se traen non son arbitrarios, senón que responden a peticións que se traen á sesión plenaria, e en canto á festas di que todas as parroquias tiveron colaboración do Concello. E en canto aos gastos correntes métese unha partida de iluminación pública, que son gastos de servizos obrigatorios, e dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. González di que lles gustaría que este diñeiro chegara a todas as comisións para celebrar as súas festas e que hai asociacións que se meten en gastos enormes e que os teñen que apoiar.

A Sra. Lago di que as asociacións do Castelo Rock e das Carrilanas son entidades distintas ás comisións de festas, e reiterase no que din, se se quere axudar ás comisións de festas que se axuden a todas por igual, non só a unha.

O Sr. Quintela di que xa se imaxinou que o gasto corrente é destinado á electricidade, pero como é un documento que hai que presentar coa solicitude e non o viu, por iso preguntou.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e cos votos en contra do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

Visto o acordo do pleno do Concello de Muros do 9 de febreiro de 2022 onde se acordou a participación deste concello no POS+2022 por un importe total de 436.251,88 € dos cales 427.443,91 € son financiados pola Deputación da Coruña, así como a aprobación do plan complementario do ano 2022 cun orzamento total de 259.401,39 €.

Vista a circular da Deputación da Coruña en relación á aprobación do POS+ADICIONAL 2/2022 asignándolle ao Concello de Muros un importe de 422.536,44 € (maio).

Visto o acordo pola que se solicitou a inclusión das obras aprobadas no plan complementario do ano 2022 con cargo ao POS+ADICIONAL 2/2022 por un total de 259.401,39 €.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Visto que o importe da axuda pendente de solicitar á Deputación da Coruña dentro do programa do POS+ADICIONAL 2/2022 é de 163.135,05 €.

En base a todo o anterior o Pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

| Gastos correntes | Deputación |
|--|-------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | 73.135,05 € |

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos | | | | Orzamento total |
|--|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
| | Deputación | Concello | | | |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| TOTAL | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | Financiamento dos investimentos | | | | Orzamento total |
|---|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-----------------|
| | Deputación | Concello | | | |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| Mellora de Camiños en Louro | 90.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 90.000,00 |
| | | | | | |
| | | | | | |



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

| | | | | | |
|-------|-----------|------|------|------|-----------|
| | | | | | |
| TOTAL | 90.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 90.000,00 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

| | |
|--|------------|
| Revisión excepcional de prezos | Deputación |
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0 |

D) Resumo de financiamento:

| | | Concello | | | |
|---|------------|----------|---|----------------|-----------------|
| POS+ ADICIONAL 2/2022 | Deputación | Concello | IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable) | Total concello | Orzamento Total |
| Gastos correntes servizos obrigatorios | 73.135,05 | | | | 73.135,05 |
| Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 0,00 | | | | 0,00 |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 90.000,00 | | | | 90.000,00 |
| Revisión excepcional de prezos obras municipais | 0,00 | | | | 0,00 |
| TOTAL | 163.135,05 | | | | 163.135,05 |

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Quinto. Moción presentada polo PSOE sobre entidades bancarias e enerxéticas

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e dá paso a Sra. Maneiro que le a seguinte moción:

“MOCIÓN ENTIDADES BANCARIAS E ENERXÉTICAS

O Grupo Municipal dos Socialistas de Muros de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción sobre gravames de carácter temporal a entidades bancarias e enerxéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos problemas que se están aumentando respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos. Como resposta eficaz, eficiente e contundente o coñecido como "pacto de rendas" é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente. Ademais das medidas adoptadas polo Goberno sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables. A proposta dos partidos do Goberno, PSOE e Unidas Podemos, de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións. A dereita conformada polo PP, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. Estes partidos repudiaron as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais. A vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, este Goberno propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país. Pola súa banda, as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que "os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan". Desde o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de Muros a aprobación polo Pleno do seguinte acordo:

1. Respalda a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios de ben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan."

A señora alcaldesa di que traen unha emenda á moción:

"EMENDA TRANSACCIONAL Á MOCIÓN PSOE ENTIDADES BANCARIAS E ENÉRXETICAS

- Que os ingresos extraordinarios que reciba das entidades enerxéticas se apliquen na contía necesaria para rebaixar os prezos da enerxía para os consumidores vulnerables.

- E a consensuar, co maior apoio parlamentario posible, un plan enerxético que protexa as familias e empresas."

A Sra. Lago di que elas tamén teñen unha emenda:

"EMENDA DE SUBSTITUCIÓN MOCIÓN PSOE

1. Impulsar a aprobación de gravames ás grandes empresas enerxéticas e entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan garantindo os necesarios reequilibrios sociais e territoriais.

2. Demandar o respecto a autonomía local e á autonomía de Galiza rexeitando calquera intento de recentralización e garantindo que as novas imposicións non invadan as competencias propias e que os seus beneficios non sexan acaparados polo goberno central."

A Sra. González di que a emenda do PP lles parece ben e que non entende moi ben o punto dous da emenda do BNG.

A Sra. Lago explica o punto dous.

A Sra. Sambade di que está de acordo, que pensaba que xa estaba solucionado na comisión informativa.

O Sr. Quintela di que as comisións informativas neste Concello non valen para nada e despois chegan aos plenos presentado emendas e todo isto porque os acusan de non ir ás comisións e eles non van por conciliación laboral e familiar, e pregunta se lle pode explicar o Partido Popular se a ferramenta para bonificar ás persoas vulnerables é como a bonificación dos combustibles do goberno.

A señora alcaldesa di que en moitas comisións informativas se chega a acordos pero que se tres membros da comisión non asisten, é difícil chegar a ningún tipo de acordo, e sinala que en canto ao mecanismo que utiliza o goberno que non llo pode explicar.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos problemas que se están aumentando respecto á subida de prezos en determinados bens e servizos básicos para a cidadanía por mor da guerra en Ucraína e outros factores exógenos. Como resposta eficaz, eficiente e contundente o coñecido como "pacto de rendas" é un instrumento fundamental para paliar as consecuencias



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

da inflación como principal ameaza europea e española. Estas consecuencias deben ser repartidas equitativamente. Ademais das medidas adoptadas polo Goberno sobre o transporte, a revalorización das pensións e a bonificación sobre o prezo dos carburantes, os grupos do Executivo formularon unha proposta sobre a imposición ás enerxéticas e ás entidades bancarias que recadará aproximadamente 3.500 millóns de euros para repartir entre fogares e empresas vulnerables. A proposta dos partidos do Goberno, PSOE e Unidas Podemos, de gravar de maneira extraordinaria e temporal ás entidades bancarias e ás grandes empresas enerxéticas saíu adiante no Congreso dos Deputados con 187 votos a favor, 153 en contra e 8 abstencións. A dereita conformada polo PP, Cidadáns e Vox negouse a apoiar as medidas que axudarán a recadar uns 2.000 millóns de euros por parte do sector enerxético e uns 1.500 millóns por parte do sector bancario en dous anos. Mesmo se negaron a debatelas no Congreso dos Deputados. Estes partidos repudiaron as propostas e negaron o debate defendendo así ás enerxéticas e elites empresariais. A vez que as entidades bancarias ven incrementados os seus beneficios grazas ás medidas adoptadas polo Banco Central Europeo coa subida dos tipos de interese, este Goberno propúxose que parte deses beneficios bancarios sexan destinados aos fogares e ás empresas vulnerables. Desta maneira, os bancos axudarán a mitigar os efectos da inflación que ameazan a estabilidade no noso país. Pola súa banda, as empresas enerxéticas contan na actualidade con beneficios extraordinarios por mor da situación bélica pola que atravesan países exportadores de enerxía e a expensas dos consumidores.

A Presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, (pertencente ao Partido Popular Europeo) declarou que "os beneficios deben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan". Desde o PSdeG-PSOE, recoñécese a necesidade inminente de defender, auxiliar e apoiar á cidadanía.

Por todo o exposto, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Impulsar e respaldar a aprobación do establecemento de gravames en España e a Unión Europea de carácter temporal enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, cuxos beneficios de ben compartirse e canalizarse cara a quen máis os necesitan.

SEGUNDO. Que os ingresos extraordinarios que reciba das entidades enerxéticas se apliquen na contía necesaria para rebaixar os prezos da enerxía para os consumidores vulnerables.

TERCEIRO. E a consensuar, co maior apoio parlamentario posible, un plan enerxético que protexa as familias e empresas.

Sexto. Moción presentada polo PP en relación á ocupación de vivendas

A señora alcaldesa sinala que a moción vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e que é do seguinte literal:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN Á OCUPACIÓN DE VIVENDAS

O Grupo Municipal Popular no concello de MUROS de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A vivenda protexese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación, desde a perspectiva penal, civil e administrativa. As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda e o dereito á propiedade privada, sen esquecer a función social determinada legalmente desta.

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma produce unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais. Ás veces pola ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que si conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles, así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

É importante tamén deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuzo, desaloxase, e ao vulnerable protexéselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

- 1. Apoiar o endurecemento das penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovle, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles.*
- 2. Mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovle, co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento, así como que se proceda ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.*
- 3. Habilitar ás comunidades de propietarios para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.*
- 4. Modificar a lexislación para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.*
- 5. Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustificuen a non percepción de rendas.”*

A Sra. González di que teñen unha emenda:

“ADENDA Á MOCIÓN DO PP SOBRE OCUPACIÓN DE VIVENDAS

Sendo conscientes de que os concellos non teñen competencia para acadar solucións válidas para solucionar a lacra dos okupas, sendo que as propostas do grupo de gobernos son totalmente inoperativas, sen prexuízo da súa colaboración en apoio dos veciños propoñemos:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

1. Instar o goberno de España e a Xunta de Galicia, para que cada Administración en función das súas competencias, estudien a modificación da lei, do Código Civil, e o Código Penal, co fin de garantir a mellora das leis actuais, adaptándoas ás novas necesidades, e así conseguir una maior rapidez na solución de todos os problemas que supoñen a ocupación dunha vivenda sen autorización do seu dono e sen estar amparado pola lei.”

A señora alcaldesa di que non teñen problema en engadir estes puntos xa que é evidente que o concello non ten competencias neste tema e que só é unha cuestión de posicionarse con esta problemática.

A Sra. Lago di que ten razón a Sra. González en que o concello non ten competencias e di que o que traen é un falso debate que non se dá, e que o único que pretende é xerar alarma social con respecto á ocupación, e di que comezan o seu argumentario dicindo que existen 600 vivendas ocupadas ilegalmente en Galicia e di que a Federación estima que existe un 20 % de vivendas baleiras, e ademais ese informe di que o 60 % de vivendas ocupadas pertencen a entidades bancarias e outro 40 % a fondos de inversión. Tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sinala que o número de vivendas ocupadas ilegalmente descendeu en Galicia, pero o que non descende é o número de persoas sen fogar, nin a cantidade de execucións inmobiliarias por non poder facer fronte aos gastos da vivenda polo que a día de hoxe é máis probable que a casa cha quite o banco ca un okupa. E ademais mesturan o fenómeno okupa coas mafias e cos impagos de alugueiro e di que é necesarios diferencialos, e sinala que resulta perverso que un feito cunha porcentaxe tan pequena abra todos os días os telexornais e tamén resulta perverso que o PP o traslade aos concellos, e di que o problema non son as ocupacións senón que o problema é a especulación coa vivenda e a cantidade de xente que non ten acceso a ela... Por outra parte deixan outro punto, a gran cantidade de alugueiros en negro nos que o inquilino non ten ningún dereito, e que si se dá neste concello; e di que resulta hipócrita que falen de protexer ao vulnerable, e se hai que facer algunha modificación que se estude no Parlamento español que é quen ten a competencia e que non traian aos concellos debates que non existen e que fagan un estudo de cantas son as ocupacións non concello para ver se é un problema, o que si é un problema alugar unha vivenda en Muros.

A Sra. Sambade di que acredita totalmente coas palabras da voceira do BNG e sinala que considera que é unha moción totalmente ideolóxica no que se exaxera cun problema que non é un problema, que si coñece un caso de okupas, pero coñece máis familias que teñen dificultades para pagar o alugueiro ou para atopar vivenda, e polo tanto non está de acordo con esta moción.

O Sr. Quintela di que é un debate máis das televisións e dos informativos como ben dixo a voceira do BNG, nun programa da televisión, un xuíz desmontou todos os puntos sobre a okupación, e que non é real. Sinala que os bancos van ser os primeiros beneficiarios do que sinala no punto cinco, e di que as poden alugar e así poder pagar os tributos. Ademais quen ten que iniciar o proceso de recuperación das vivendas é a propiedade e non as comunidades de propietarios.

A señora alcaldesa di que a proposta que traen non é unha moción para solucionar os problemas da vivenda nin para solucionar os problemas das persoas con problemas de vulnerabilidade e si saben que se están dando casos deste tipo no concello e queren posicionarse dalgunha maneira, e dá paso ás segundas intervencións.

A Sra. González di que a propiedade privada é sagrada e que non é nada fácil desaloxar a unha persoa pasadas as 48 h polo que é moi necesario modificar a lexislación e si son moi conscientes da necesidade de vivenda, pero son debates diferentes e sinala que queren engadir a súa emenda para que esta moción teña viabilidade.

A Sra. Lago se alguén entra na súa vivenda está facendo un “*allanamiento de morada*” quitan a persoa sen problema e sinala que defenden que hai ferramentas para atallar este problema e que hai que separar as problemáticas e que é un debate que non corresponde a este concello e o que se está creando é medos sociais.

A Sra. Sambade di que é demagogia e que ninguén pode ocupar a túa vivenda porque sería “*allanamiento de morada*”.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), cos votos en contra do grupo municipal do BNG (2) e da concelleira non adscrita, Sra. Sambade Lloréns (1) e coa abstención do concelleiro, Sr. Quintela Fernández (1), adopta por o seguinte acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, aumentou o fenómeno da ocupación ilegal de vivendas por parte das mafias en España, ao igual que continuou o incremento das denuncias por violación ou ocupación a domicilios, segundo datos do Ministerio do Interior.

Galicia tampouco é allea a ese fenómeno. Os medios de comunicación facíanse eco recentemente dun informe da Federación Galega de Empresas Inmobiliarias, que cifraba en 600 vivendas as ocupadas en Galicia, cun incremento do 15,3 % respecto do ano anterior, concluíndo que a usurpación e violación de vivendas constitúe un grave problema social.

A vivenda protexese no ordenamento xurídico español para evitar a ocupación, desde a perspectiva penal, civil e administrativa. As tres vías xurídicas redundan na protección do dereito a vivenda e o dereito á propiedade privada, sen esquecer a función social determinada legalmente desta.

Pero ademais das medidas legais xa existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordenamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e, ademais, ha de ter en conta un ben xurídico a protexer que ata o de agora non tivo a debida consideración: a convivencia veciñal pacífica e respectuosa en aras da seguridade das persoas e as cousas. Trátase de situacións, moi comúns, en que a ocupación dunha vivenda de maneira ilegal e en contra do titular da mesma produce unha alteración da convivencia veciñal, é dicir, non se entende unicamente perturbado o dereito do propietario ou posuidor lexítimo, cuxa defensa xa contempla o ordenamento xurídico, senón que se provoca unha inseguridade dos veciños da comunidade de propietarios na que se instalan os ocupantes ilegais. As veces pola ruptura das normas de réxime interno de convivencia, por realizar actuacións prohibidas, nocivas, insalubres ou en xeral vedadas ao resto de veciños que si conviven con títulos xurídicos. As duras consecuencias non só para a propiedade, senón para a seguridade que ten a ocupación nas súas diversas formas, aconsellan un reforzo das medidas actualmente existentes no ordenamento xurídico, tanto a nivel penal como administrativo e civil. A iso únese un ámbito, o da Comunidade de Propietarios, que sendo civil, quedou ata o de agora sen mención xurídica.

En definitiva, trátase de asegurar o desaloxo inmediato da vivenda ocupada no caso de que a situación sexa de flagrante delito, e no caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía; a recuperación do delito de usurpación de bens inmobles, así como a imposibilidade de que se poidan empadroar e ter acceso a determinados beneficios e de endurecer as penas no caso de que se trate de mafias organizadas.

É importante tamén deslindar con claridade as situacións de vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda e de protección ás familias en situación de emerxencia social, co fenómeno da ocupación ilegal a que esta iniciativa responde. A un okupa non se lle desafiuza, desaloxase, e ao vulnerable protexéselle, sen que o Estado traslade á cidadanía as súas propias responsabilidades en ningún de estes dous casos.

Por todo o exposto o pleno adopta o seguinte acordo:

1. Apoiar o endurecemento das penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovle, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmobles.
2. Mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovle, co obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento, así como que se proceda ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

3. Habilitar ás comunidades de propietarios para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
4. Modificar a lexislación para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios.
5. Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas.
6. Instar ao goberno de España e a Xunta de Galicia, para que cada Administración en función das súas competencias, estudien a modificación da lei, do Código Civil, e o Código Penal, co fin de garantir a mellora das leis actuais, adaptándoas ás novas necesidades, e así conseguir una maior rapidez na solución de todos os problemas que supoñen a ocupación dunha vivenda sen autorización do seu dono e sen estar amparado pola lei.

B. Mocións de urxencia

Sétimo. Moción presentada polo PP sobre as vivendas e terreos da zona da Ribeira do Maio e do Artón, Esteiro

A señora alcaldesa sinala que teñen unha moción por urxencia e explica que a urxencia vén motivada porque as notificacións empezaron a chegar no mes de agosto polo que consideraron urxente que o pleno da corporación tome postura sobre este tema e rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4) e do grupo municipal do BNG (2) e coa abstención dos concelleiros non adscritos (2), queda aproba a urxencia da moción.

A moción é do seguinte literal:

“O Grupo Municipal Popular no concello de Muros, de acordo co disposto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes últimos días un grupo de veciños, propietarios de vivendas e terreos na zona da Ribeira do Maio e O Artón, en Esteiro están a recibir notificacións catastrais de resolver discrepancias para alterar as titularidade das súas propiedades, que, segundo ditas notificacións, pasan a ser da titularidade do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Dende o Concello de Muros consideramos estas notificacións improcedentes, posto que toda esa zona é obxecto dun proceso de desafectación, iniciado no ano 2001, e que conta con informe favorable da Demarcación de Costas de Galicia. Non parece polo tanto procedente iniciar un trámite de cambio de titularidade, cando aínda está sen resolver ese procedemento.

Propoñemos polo tanto ao Pleno da Corporación, a aprobación da seguinte PROPOSTA:

1.- Mostrar o noso apoio ao colectivo de veciños afectados por estas notificacións do Ministerio de Facenda, que pretenden alterar a titularidade catastral das súas propiedades, sen que estea resolto o proceso de desafectación iniciado.

2.- Instar ao Ministerio de Facenda a suspender ese procedemento en tanto non exista unha resolución firme do procedemento de desafectación, estimando as alegacións e/ou recursos presentados.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

3.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica, e particularmente, á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, da que depende á Dirección Xeral da Costa e do Mar, a continuar o procedemento de desafectación das Fases II, III e IV, tal e como se recolle no Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en data 23/09/2014.

4.- Que se fagan todas e cada unha das actuacións necesarias para conseguir a modificación da liña de servidume de costas nese lugar e os demais trámites necesarios para que os propietarios dos inmobles alí existentes consigan documentar e inscribir os seus bens tal e como están actualmente no rexistro da propiedade.

4.- Notificar estes acordos ao Ministerio de Facenda e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.”

A señora alcaldesa di que este é un procedemento que se iniciou no ano 2001, recibiu un impulso importante no ano 2013 coa aprobación por parte do Pleno no que se pedía a desafectación de cincuenta mil metros cadrados na zona da Ribeira do Maio e do Artón en Esteiro que foi informada favorablemente pola Demarcación de Costas de Galicia e dividía ese espazo en catro fases. Resolveuse a fase unha que afectaba ao propio concello, e falta por resolver as faces dúas, tres e catro que afecta á veciñanza e nas que hai fincas tamén do concello, polo que queren é, apoiar á veciñanza contra este cambio de titularidade e que non entenden que se notifique 20 anos despois cando aínda está sen revolver o procedemento. Piden que se suspenda o cambio de titularidade catastral, e que se resolva o procedemento, e que dende o concello están a disposición da veciñanza para facer calquera xestión que sexa necesaria.

A Sra. González di que teñen unha moción sobre o mesmo tema:

“MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DA LIÑA DE SERVIDUME DE COSTAS E DO DEREITO REAL DE INSCRICIÓN DAS SÚAS PROPIEDADES NO REXISTRO DA PROPIEDADE DE MUROS DOS VECIÑOS DA RIBEIRA DO MAIO DE ESTEIRO.

O grupo municipal do PS-de, G-PSOE de Muros, na última lexislatura que estivemos no goberno municipal, (2011-2015), traballamos a reo para poder modificar a liña de servidume de costas en todo o territorio do noso Concello, por considerar que o estado anterior era prexudicial para os nosos veciños, ese foi o motivo que nos levou a crear a oficina urbanística, con un arquitecto e un avogado especialistas en urbanismo, que fixeron un gran labor para o Concello, en concreto conseguimos modificar esa liña de costas na parroquia de Serres en parte de Abelleira, consecución que foi merecedora de saír nos xornais de maior tirada de España. Entre un dos retos que tiñamos era conseguir modificar esa liña de costas que prexudica a moitos veciños da Ribeira de Creo , en concreto da estrada cara ao mar, xa que non permite que documenten as súas propiedades, sendo un Dereito Fundamental recollido na C.E., como ben digo pelexamos a reo con múltiples reunións en Costas de Galicia, en Costas do Estado, comparecendo na comisión de urbanismo da Xunta de Galicia do cal, ademais de reunirmos en Madrid co director Xeral de Costas e co Ministro expoñendo o problemas dos veciños de Esteiro, e deixando todo este tema encarrilado cando saímos do goberno municipal, que por certo entrou CXG, don María Xosé Alfonso a cabeza, e durante 7 anos ninguén se preocupou de resolver este tema, o revés dedicáronse a criticar a oficina urbanística que estaba traballando para resolver este gran problema dos veciños, tampouco o PP se preocupou hasta hoxe e esperamos que non o deixe aparcado despois de este pleno.

O grupo Socialista de Muros seguimos crendo que e un tema prioritario e que necesita do apoio do Concello, para poder solucionalo, pois basicamente ademais de ser un tema xurídico, tamén é un tema que se pode solucionar por a vía política, só fai falta interese e crer nel.

O noso grupo PS-deG PSOE, ofrece todo o apoio para poder continuar cos trámites que xa constan iniciados no Concello, e por iso instamos o pleno da corporación:

ÚNICA. Que de forma urxente e en atención a situación que están a sufrir os veciños da Ribeira do Maio de Esteiro se retome o expediente que consta iniciado no departamento urbanístico do Concello, e se fagan todas e cada una das actuacións necesarias hasta conseguir a modificación da liña de servidume de costas en ese



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

lugar e os demais trámites necesarios para que os propietarios dos inmobles alí existentes consigan documentar e inscribir os seus bens tal e como están actualmente no rexistro da propiedade, sen sufrir menoscabo algún.”

A Sra. González di que fixeron moito traballo para resolver este problema e ninguén tivo interese nel, e é un tema moi urxente, e non só é apoiar senón que é unha problemática que resolver o Concello, e teñen o apoio total do partido socialista.

A Sra. Iago di que a veciñanza de Esteiro llo comentou antes de entrar na sesión plenaria, e que están de acordo coa moción do PP, e a do PSOE parécelles menos concisa, e cren que se pode facer unha mestura entre as dúas, pero se se votan as dúas por separado van votar favorablemente ás dúas.

A Sra. Sambade di que están de acordo coa moción do PP e que con respecto á moción do PSOE parécelles unha tomadura de pelo a exposición de motivos, e di que vai apoiar a moción do PP.

O Sr. Quintela sinala que o máis importante é saber para que os están notificando e que pola súa parte teñen todo o seu apoio.

A señora alcaldesa di que se fixo un traballo enorme naquel ano e que a unanimidade é un factor fundamental, e di que dende o Concello xa se fixeron trámites e farán o que sexa necesario.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes últimos días un grupo de veciños, propietarios de vivendas e terreos na zona da Ribeira do Maio e O Artón, en Esteiro están a recibir notificacións catastrais de resolver discrepancias para alterar as titularidade das súas propiedades, que, segundo ditas notificacións, pasan a ser da titularidade do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Dende o Concello de Muros consideramos estas notificacións improcedentes, posto que toda esa zona é obxecto dun proceso de desafectación, iniciado no ano 2001, e que conta con informe favorable da Demarcación de Costas de Galicia. Non parece polo tanto procedente iniciar un trámite de cambio de titularidade, cando aínda está sen resolver ese procedemento.

Polo tanto o Pleno da Corporación aproba seguinte proposta:

- 1.- Mostrar o noso apoio ao colectivo de veciños afectados por estas notificacións do Ministerio de Facenda, que pretenden alterar a titularidade catastral das súas propiedades, sen que estea resolto o proceso de desafectación iniciado.
- 2.- Instar ao Ministerio de Facenda a suspender ese procedemento en tanto non exista unha resolución firme do procedemento de desafectación, estimando as alegacións e/ou recursos presentados.
- 3.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica, e particularmente, á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, da que depende á Dirección Xeral da Costa e do Mar, a continuar o procedemento de desafectación das Fases II, III e IV, tal e como se recolle no Informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia en data 23/09/2014.
- 4.- Que se fagan todas e cada unha das actuacións necesarias para conseguir a modificación da liña de servidume de costas nese lugar e os demais trámites necesarios para que os propietarios dos inmobles alí existentes consigan documentar e inscribir os seus bens tal e como están actualmente no rexistro da propiedade.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

4.- Notificar estes acordos ao Ministerio de Facenda e ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

5.- E se fagan todas e cada una das actuacións necesarias hasta conseguir a modificación da liña de servidume de costas en ese lugar e os demais trámites necesarios para que os propietarios dos inmobles alí existentes consigan documentar e inscribir os seus bens tal e como están actualmente no rexistro da propiedade, sen sufrir menoscabo algún.

Oitavo. Moción presentada polo BNG en defensa da frota pesqueira galega fronte ao novo regulamento imposto pola Comisión Europea

A señora alcaldesa sinala que teñen unha moción por urxencia, a Sra. Lago sinala que elas tamén teñen outra moción por urxencia e a Sra. González tamén, polo que a señora alcaldesa si que poden votar a urxencia das tres mocións xuntas e rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e da concelleira non adscrita, Sra. Sambade Lloréns (1) e coa abstención do concelleiro, Sr. Quintela Fernández (1), queda aproba a urxencia da moción.

As tres mocións transcríbense a continuación:

Moción do PP:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

O Grupo Municipal Popular do Concello de MUROS, ao abeiro do disposto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de setembro asistiamos con asombro á publicación non Diario Oficial da UE do REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2022/1614 DA COMISIÓN de 15 de setembro de 2022 polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e establécese unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor en 20 días.

Esta decisión unilateral foi tomada sen ter falado cos Estados nin co sector. Así, a directora xeral Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea na súa visita a Galicia do pasado mes de xullo comprometérase a revisar a medida con máis datos e informes, cousa que non fixo.

Só en Galicia, esta prohibición afecta a arredor de 200 barcos de capital galego de xeito directo e o seu impacto potencial podería chegar a un milleiro de buques, ben polo solapamento de zonas de pesca ou pola futura ampliación desta prohibición.

Sempre defendemos que todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. Medidas coma esta, arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

O 20 de setembro o Goberno Galego mantíña unha reunión co sector e con xuristas expertos para analizar o posible recurso e ver o xeito máis efectivo de actuar contra este veto para defender os intereses da frota.

Así, o Goberno galego urxe a construír unha posición sólida a nivel nacional contra o veto á pesca de fondo e compromete o seu apoio aos distintos recursos xudiciais que se presenten.

É fundamental unha resposta xudicial estatal dado que se trata dun asunto que prexudica tamén a outras comunidades, non só a Galicia.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Esta cuestión foi trasladada polo presidente da Xunta ao Executivo do Estado e foi exposta o 21 de setembro na reunión co sector e a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular no concello de Muros eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Muros acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

- 1. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.*
- 2. Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano."*

A señora alcaldesa di que estas mocións veñen motivadas pola publicación do Regulamento de Execución 2022/1614 da comisión de 15 de setembro de 2022 polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e establécese unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan e di que ou ben fan acordo conxunto ou poden adherirse ao acordo do Parlamento de Galicia que di o seguinte:

"O Parlamento de Galicia acorda:

- 1. Reiterar o acordo aprobado por unanimidade na Comisión 89, de Pesca e Marisqueo, na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2022 que só o seguinte:*

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- 1.- Que rexeite publicamente os ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.*
- 2.- Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e da economía marítima europea.*
- 3.- Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da frota pesqueira europea.*

- 2. Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:*

a.- Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.

b.- Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano".

Moción do BNG:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

“MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Muros, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Bréxit, ou a aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o "establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións".

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Por parte do Goberno español, descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte acordo:

1. *Instar a Xunta de Galiza a:*

- a. *Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social o país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.*
- b. *Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.*
- c. *Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea. 2.*

2. *Instar ao Goberno español a:*

- a. *Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.*
- b. *Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.”*

Moción do PSOE:

“MOCIÓN EN REXEITAMENTO DO VETO Á PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Muros de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCION:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 del Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de ese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables,



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadara a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar a pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar 'os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socioeconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo , unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros.

FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.

Por todo o exposto, e ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa frota pesqueira, o grupo municipal do PSOE, solicita do Pleno da

Corporación Municipal do Concello de Muros a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institución comunitarias co veto da Comisión Europea a pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.*
- 2. Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:
 - a. Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.*
 - b. Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.**
- 3. Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohíbe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.”*

A señora alcaldesa sinala que todos e todas teñen clara a grave afección que vai supor este regulamento na frota galega e di que poden valorar este acordo do Parlamento ou debater as tres mocións.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. González sinala que está ben o do Parlamento ou tamén poden incorporar todos os puntos das tres mocións.

A Sra. Lago di que poden incorporar todos os puntos de todas as mocións e facer unha declaración conxunta.

A señora alcaldesa di que poden facer un acordo como unha declaración institucional apoiando á frota galega cos puntos das tres mocións.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Pleno da Corporación do Concello de Muros, perante a publicación non Diario Oficial dá UE do Regulamento de execución (UE) 2022/1614 da comisión de 15 de setembro de 2022 polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e establécese unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor en 20 días.

ACORDA:

1. Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institucións comunitarias co veto da Comisión Europea a pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida e apoiando as mobilizacións convocadas polo sector.
2. Instar á Xunta de Galicia a:
 - Apoiar tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.
 - Reiterar ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano, e que despregue todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea, esixindo a inmediata suspensión da entrada en vigor do Regulamento.
 - Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector e o tecido social ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Sétimo. a) Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 809/2022 do 1 de xullo de 2022 ata o núm. 1015/2022 do 31 e agosto de 2022, das XGL núm. 14 do 1 de xullo de 2022, da núm. 15 do 8 de xullo de 2022, da núm. 16 do 15 de xullo de 2022, da núm. 17 do 28 de xullo de 2022, da núm. 18 do 29 de xullo de 2022, da núm. 19 do 12 de agosto e da núm. 20 do 26 de agosto de 2022, e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Oitavo. Rogos e preguntas



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta cando se vai rematar a obra do paseo de Louro, ao que a señora alcaldesa responde que a está facendo Costas e que están nunha segunda fase.

A Sra. González roga que recollan o lixo que hai sen recoller en Mondelo.

A Sra. González di que dende que se fixeron as beirarrúas na Abelleira hai unha balsa de auga na estrada da zona de Cascais.

A Sra. González di que hai unha factura de roupa para o persoal do GES e pregunta cando se lle vai entregar, e a señora alcaldesa contesta que esa roupa xa se lle entregou.

A Sra. González volve a preguntar polo tema de Espina e Delfín, a señora alcaldesa di que lle mandou outra comunicación ao presidente da mancomunidade.

A Sra. González pregunta polos gasto de publicidade, uns 650 euros en publicidade independente galega e uns 300 euros nunha marcha moto turística en Noia, e a señora alcaldesa contesta que o primeiro ten que comprobalo e que o segundo foron uns aperitivos que se lle deron a unha concentración moteira en Muros.

A Sra. González pregunta por outro gasto da Federación Galega Marítimo Fluvial, e a señora alcaldesa contesta que foi de algo de Muros Mira ao Mar.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que no pleno de xuño a alcaldesa respondeu que si se ían a convocar as axudas a entidades culturais e pregunta cando se van a convocar para o 2022, e a señora alcaldesa responde que xa están convocadas, as culturais e as deportivas.

A Sra. Lago roga que se mellore o acceso a Insuela nas dúas estradas.

A Sra. Lago roga que se limpen as cunetas antes de que chova.

A Sra. Lago di que a marquesiña da Rateira está en moi mal estado e rogan que a arranxen e que xa eles o solicitaron directamente á Deputación, e señora alcaldesa di que xa o faláron coa Deputación e que intentarán atendelo na medida do posible.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade roga que se cambie a hora da comisión informativa xa que a ela élle imposible ir polas mañás debido ao seu horario de traballo e quere que conste en acta esta petición.

A Sra. Sambade roga que recollan o lixo no polígono empresarial por saúde pública.

A Sra. Sambade roga que o grupo socialista que revisen a ortografía antes de presentar ao Pleno un documento.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo Sr. Quintela:

O Sr. Quintela pregunta pola liquidación da obra do céspede artificial no Eleuterio Balayo que incrementos houbo con respecto ao proxecto, e a señora alcaldesa responde que se incrementaron os prezos dos materiais, a ampliación do campo, a poda e cimentación a maiores, etc, pode concretarillo se quere pois ten a certificación á súa disposición.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.